



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: aprobación da lista de admitidos/excluídos á convocatoria para a contratación laboral temporal de 1 peón para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo. Programa Aprol Rural, Convocatoria 2021

Núm. Admvo. Expte: 2021/E001/000005

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000429

Mediante resolución de Alcaldía núm. 380/2021, de data 09/07/2021, aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 1 peón, para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo. Programa Aprol Rural, Convocatoria 2021

A oficina de emprego de Carballo remitiu unha relación de currículos, co número de oferta 12-2021-6290. Despois de contactar con todos os aspirantes que figuran na relación de currículos remitidos pola oficina de emprego, mediante a presente procederá a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, tal e como establece a dita convocatoria na base 6ª.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar, de acordo coa base 6ª da convocatoria para a selección de 1 peón, para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe convocatoria 2021, a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

De conformidade coa base 6.1, a lista provisional de admitidos/excluídos elevarase a definitiva no caso de non haber aspirantes excluídos/as.

De acordo coa base 6.2 os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>), para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

PEÓNS FORESTAIS (Núm. Oferta oficina de emprego de Carballo: 12-2021-6290)

ADMITIDOS:

- 1.- CASTIÑEIRA BLANCO, JUAN CARLOS
- 2.- FERNANDEZ GARCÍA, JOSÉ MARÍA
- 3.- FERNANDEZ GARCÍA, JUAN
- 4.- LEMA GARCÍA, SAMUEL
- 5.- POSE SILVA, ANTONIO
- 6.- SILVA POSE, DIGNA
- 7.- VIDAL MIÑONES, DULZURA

EXCLUÍDOS

Ningún

Segundo. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 7ª que estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: Isabel María Castro Añón, xefa do negociado de contabilidade deste concello.

Suplente: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello.

Vogais:

1. Alfredo Ángel Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello.

Suplente: José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello.

2. Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello.

Suplente: Mª Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello.

3. Julio Torreira López, animador-monitor deportivo deste concello.

Suplente: José Antonio Esmorís Gómez, arquivista bibliotecario deste concello.

Secretaria: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello.

Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

Terceiro. Convocar ao tribunal para o **luns 26 de xullo de 2021, ás 8.00 horas na piscina municipal deste concello.**

Cuarto. Convocar aos aspirantes admitidos/as para a realización das probas selectivas da fase de oposición para o **luns 26 de xullo de 2021, ás 08.30 horas na piscina municipal deste concello.**

Quinto. Convocar aos aspirantes admitidos/as que non acreditaron estar en posesión do título de Celga 1 ou equivalente para a realización da proba de coñecemento do galego para o **luns día 26 de xullo, ás 10.00 h, na Casa do Concello, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, en Laxe.**

Sexto. Expor a dita lista no Taboleiro de editos deste concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fé.

O alcalde
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García